

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

**Aprobado 14-05-2019**

**CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ  
OURAL-SARRIA**

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. FUNDAMENTOS LEXISLATIVOS.....	5
3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO.....	5
• ANÁLISE DO CONTEXTO .....	5
4. FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....	8
4.1. Estudos que imparte.....	8
4.2. Servizo de comedor.....	8
4.3. Actividades culturais.....	8
4.4. Adiagnóstico previo.....	8
5. NECESIDADES.....	9
6. OBXECTIVOS.....	9
6.1. Para o Profesorado .....	10
6.2. Para o Alumnado.....	10
6.3. Para as Familias.....	11
7.- CONCRECIÓN DO PLAN .....	11
7.1. Actuacións medidas e programas favorecedoras da convivencia.....	11
7.2. Concreción das medidas e programas, persoas e responsables, destinatarios e procedementos para o desenvolvemento deste plan.....	22
8.- NORMAS DE CONVIVENCIA .....	24
8.1. Normas a seguir polos mestres.....	28
8.2. Normas a seguir polos pais e/ou titores legais.....	29
8.3. Como Dereitos e deberes do alumnado.....	29
8.4. Actuacións en caso de conflito .....	30
8.5. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.....	31
9 . COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	34
9.1. Composición.....	35
9.2. Competencias.....	35
9.3. Periodicidade das reunións.....	36
10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	36
(Artº8.4d/Artº 13.h/Artº 25_decreto 8/2015).....	36
11. PROTOCOLOS .....	38
11.1. Acoso escolar.....	38
11.2. Mediación escolar (Artº 26.3_ Decreto 8/2015).....	39
11.3. Procedemento conciliado (Artº 49 ao 51_ Decreto 8/2015).....	43
11.4. Procedemento común (Artº 52 ao 54_ Decreto 8/2015).....	44

12. MECANISMOS DE COORDINACIÓN, ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR. ....	45
13. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	45
14. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA. ....	46

# 1. INTRODUCCIÓN

A convivencia nos centros, segundo a **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o D. 8/2015 q o desenvolve**, constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente. Por iso, a mellora da convivencia no ámbito escolar é unha preocupación que cada día adquire maior importancia na nosa sociedade, máis cando esta convivencia se pode ver alterada por situacións de conflito cuxos efectos se deixan sentir en todos os membros da Comunidade Educativa. Neste sentido, a realidade dos centros docentes pon de manifesto, ás veces, a existencia de alumnos/as que presentan determinadas alteracións do comportamento, sendo posiblemente un dos aspectos que suscitan maior preocupación, dada a importante repercusión que teñen, desde unha perspectiva individual, para o propio alumno/a e os seus compañeiros/as, e colectiva, ao acentuar a conflitividade provocando un deterioro da convivencia no Centro.

A Comunidade Autónoma pretende a través da citada lei, crear e reforzar os instrumentos xurídicos que permitan **acadar e manter un clima de convivencia de calidade** e que, simultaneamente **dignifiquen a profesión docente**.

O Plan de Convivencia é un documento que serve para concretar a organización e funcionamento do Centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar polo Centro, os obxectivos específicos a alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar nese ámbito para a consecución dos obxectivos expostos. O enfoque da convivencia no Centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, dunhas boas canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta. Para iso elaboráronse unhas regras de boa convivencia e unha normativa, que debe regular o bo funcionamento do colexio. Non queremos limitar a convivencia a elementos organizativos, senón tamén e, sobre todo, desenvolver contidos que contribúan á formación do alumnado. Entendemos, a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe, ademais de ser obxectivos da educación e finalidades en si mesmas. Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un dos obxectivos da educación. Para conseguir unha boa convivencia no Centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar esas condutas. Pretendemos desenvolver no alumnado eses valores e habilidades de comunicación e de relación social. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

As actitudes que haberá que fomentar en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Convivencia do Centro, que se procurarán revisar e actualizar cada curso escolar. Proponémonos fomentar valores democráticos para a convivencia, tales como: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a solidariedade, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc., en todas as etapas do ensino.

Basearémonos no principio de igualdade, esencial para a democracia, recollido no artigo 14 da Constitución Española de 1978, no que se recolle que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Desenvolveremos iniciativas que eviten a discriminación do alumnado, poremos especial atención no respecto ás normas de convivencia e estableceranse plans de acción positiva para garantir a plena integración de todos os alumnos/as do Centro. Este nivel de sensibilidade obriga a perfeccionar e incrementar as actuacións existentes e o nivel de prevención, detección e axuda aos Centros. Por iso, é imprescindible que dispoñamos dos recursos e estratexias necesarias e os mecanismos de coordinación precisos, tanto internos como externos, para a mellora da convivencia escolar e a atención ás alteracións do comportamento, en xeral e, ao acoso e intimidación entre iguais, en particular.

## **2. FUNDAMENTOS LEXISLATIVOS**

- Constitución Española: Artigo 27.2
- Resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura da Paz; 6-10-99)
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento da educación e cultura da paz (BOE 1 de decembro de 2005)
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE de 4 de maio)
- Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. (BOE do 14 de xullo)
- Acordo interinstitucional para a posta en marcha do Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia (30-01-2007)
- Decreto 85/2007, de 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego de Convivencia Escolar. (DOG do 8 de maio de 2007).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

## **3. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO**

A descrición, as características e o entorno do CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ están escritas detalladamente no Proxecto Educativo, como segue:

- ***ANÁLISE DO CONTEXTO***

- ***Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da zona onde se ubica o centro***

Oural situado no Concello de Sarria está situado ao sur da provincia de Lugo, a 40 quilómetros da capital da provincia, ben comunicado co resto da Comunidade por estrada e ferrocarril. Aínda que está enclavado nunha zona eminentemente rural, con gran carga agrícola e gandeira, ten unha importante compoñente industrial na fábrica de Cementos Cosmos e nas industrias de servizos da capitalidade do concello. Ten unha poboación avellentada cun índice de natalidade moi baixo o que fai que o número de alumnos descendera, aínda que nos últimos anos mantense. Na actualidade contamos con 68 alumnos/as. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo. Cada vez son máis as familias nas que traballan ámbolos proxenitores.

Dos 68 alumnos do centro 54 deles son transportados, a meirande parte deles moi espallados nas 26 paradas das rutas do transporte escolar que acoden a este centro, que se moven en dous concellos diferentes

O CEIP Antonio Fernández López de Oural – Sarria está situado a oito kilómetros da capitalidade do concello, o resto de centros educativos están ubicados en Sarria, unha EEI, un C.E.I.P., dous centros concertados e dous I.E.S.

Institucións sociais, culturais, deportivas e de lecer:

Deportivas: Complexo polideportivo colindante co centro que conta con dotación deportiva que durante o horario escolar é de uso exclusivo para o centro

Culturais – Lecer: O centro tiña unha axencia municipal de lectura no sei recinto que é usado para actividades extraescolares, na capital da localidade a 8 km dispón de Casa da Cultura, asociacións culturais, escola de música e Biblioteca Pública Municipal.

Sanitarias: O centro de saúde máis próximo atópase en Sarria, a 8km do centro

### **Entorno socioeconómico e cultural do alumnado e as súas familias**

O nivel cultural da maioría das familias pode considerarse baixo. Son moi poucos os pais-nais con estudos postobrigatorios. Existe moi pouca oferta cultural e de lecer, polo que é desexable programar desde o centro saídas a espectáculos como teatro, maxias, contacontos, etc, para complementar as actividades ofertadas pola Anpa do centro ( ximnasia rítmica e patinaxe con moita aceptación e natación e baile galego pendentes de ter un número mínimo de solicitantes).

## **• ANÁLISE DO CENTRO**

### **Elementos materiais**

Aulas e locais especializados:

Número de aulas do edificio: 5 de educación primaria e 2 de educación Infantil.

Locais especializados: biblioteca, sala de vídeo e informática, música e departamento de orientación (1 aula de Pedagogía Terapéutica e 1 aula de Orientación), 1 aula de lingua estranxeira.

Outros locais:

Comedor, cociña, almacén de alimentos e outros dous de produtos de limpeza e percedoiros.

Un espazo de limpeza en cada andar.

Dous servizos individuais de mestres.

Catro servizos comúns de alumnos e servizos nas aulas de E.I.

Un para caldeira de calefacción.

Dous destinados a dirección e secretaría.

Un para sala de mestres.

Instalacións deportivas e patios:

Un ximnasio

Patio de recreo en torno ao edificio.

- Pista deportiva de baloncesto e de fútbol.

Todos estes espazos son destinados á práctica da docencia diaria. Hai espazos de uso propio de nivel e outros que son compartidos.

**Nos de uso propio de nivel.** A comezo de cada curso escolar asígnase o espazo de cada nivel tendo en conta as características propias do alumnado.

**Os espazos compartidos (biblioteca, audiovisuais, ximnasio e informática):** A comezo de curso elabórase un horario que permita un uso equitativo de todo o alumnado.

### Recursos educativos

Os recursos educativos son diversos e en todo caso de uso común en todo o centro.

A **biblioteca** escolar de uso común conta con dous espazos diferenciados:

- Un recanto de lectura de E. I.
- Un adicado a E.P.

Neste espazo hai libros de consulta, literatura e lecer, xornais e dous ordenadores destinados á busca de información por parte do alumnado.

A aula de **informática** conta con 8 ordenadores conectados en rede.

A aula de **vídeo**, equipada con pantalla de TV de uso común e proxector con pantalla.

O **ximnasio** está equipo con material deportivo de uso exclusivo do centro.

Cada aula está equipada con material diverso sendo de uso compartido en caso de necesidade.

Todas as aulas posúen ordenadores e a maioría teñen proxector con pantalla, das cales 4 son PDI e hai dúas pendentas de instalación.

### Elementos persoais

#### Persoal docente

O Centro conta cunha plantilla de 11 profesores/as dos que 9 teñen destino definitivo no centro.

Pódese afirmar que existe unha boa relación persoal entre todos os compañeiros/as, baseada na colaboración, o respecto e a tolerancia. O profesorado manifesta unha boa disposición pola súa formación como profesionais do ensino e preocupación pola reciclaxe. Así mesmo síntese próximo aos alumnos/as cos que mantén un trato fluído e cordial, preocupándose pola súa educación e interesándose polos seus problemas tanto dentro como fóra da escola.

#### Persoal non docente

*Na comunidade educativa do Centro están integrados o conserxe, unha limpadora e unha cociñeira*

#### Alumnado

O alumnado procede das parroquias próximas ao centro, os nenos e nenas proceden de dous concellos distintos, o de Sarria e o de Oural, a maioría son usuarios de transporte escolar.

A lingua maioritaria dos alumnos/as é o galego.

A maior parte dos alumnos/as do Centro proceden de familias cun nivel socio-cultural e económico medio-baixo e traballan fundamentalmente na agricultura e co gando.

Moitas das familias apenas se implican no proceso educativo dos seus fillos/as porque o que lles interesa é que “aproben” ou “pasen de curso”.

Por todo isto atopámonos con alumnos/as moitas veces desmotivados. En xeral, o interese polo estudio é baixo e a motivación para estudar pódese resumir en: estudar por mandato dos pais ou para obter un título que lles permita proseguir outros estudos.

Outra dificultade coa que nos atopamos cos alumnos é unha desorganización e mala planificación do tempo de estudio, cun excesivo uso e ás veces mal uso do vídeo, a televisión (ven telenovelas, programas para adultos...) e os xogos interactivos e por outra banda vemos que non existe na maioría das casas libros ou contos.

Como mencionamos anteriormente non existe demasiado tempo para xogar, falar, escoitar, “ler”, etc. cos nenos e nenas polo que á hora de traballar con eles notamos que lles costa moito expresar ideas, mostrar sentimentos, comunicar experiencias, escoitar aos compañeiros, ...

A pesar destas dificultades non podemos deixar de sinalar que en xeneral son nenos e nenas de carácter nobre e respectuoso e aos que cun pouco de empeño pódese chegar e facer que eles/as cheguen a considerar o colexio coma algo seu.

## **4. FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

### **4.1. Estudos que imparte**

No Centro impártense dúas etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.

### **4.2. Servizo de comedor**

Este servizo está atendido por unha cocíneira, un mestre que exerce as funcións de encargado de comedor e diariamente 4 mestres colaboradores que se encargan das vixilancias dentro do mesmo e no período de lecer despois da comida.

O horario do tempo de comida e lecer comeza ás 13:00 horas e remata ás 14:00 horas.

### **4.3. Actividades culturais**

*Viaxes de estudos:*

- Viaxe de fin de curso.
- Outras excursións dun día de duración que organizan os distintos Equipos e que figuran na programación das actividades extraescolares e complementarias
- Visitas a entidades municipais, casa da cultura, parque, bombeiros, estación do tren, panadería-museo...

### **4.4. Adiagnóstico previo.**

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo algúns conflitos esporádicos, que se resolven fundamentalmente co diálogo, e con algunha medida disciplinaria de carácter menor (quedar sen recreo, comunicación ás familias...)

#### **Respostas do centro a estas situacións.**

A resposta educativa do centro está relacionada co desexo de promover unha maior participación no centro, mellorar as vías de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento aos conflitos.

#### **Relación coas familias e a comunidade.**

A relación coas familias é en xeral boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na Programación Xeral Anual. As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos é comentada coa familia se procede algún tipo de intervención ou información da conduta. É moi importante a actuación dos titores/as na coordinación coas familias e a colaboración dos pais e nais.

#### **Experiencias de convivencia realizadas no centro.**

As experiencias que se desenvolven habitualmente no centro para favorecer a convivencia podémolas resumir no seguinte:



- Debate e discusión sobre a Normativa do centro relativa á convivencia tanto nas aulas como nos outros espazos do colexio. Isto faise ao principio do curso nas reunións de Claustro.
- Elaboración de normas de conduta na aula , sempre tendo en conta as NOFC por parte do profesorado titor ao comezo do curso escolar.
- Elaboración dun calendario para a atención tutorial das familias ao longo do curso.
- Fomentar a tolerancia, o respecto e a resolución de conflitos a través do diálogo.
- Participación do centro en actividades e programas que contribúen a mellorar a convivencia de todos os membros da comunidade escolar (Plans Directores para a Convivencia Escolar, saídas culturais, deportivas, celebración do: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día das Letras Galegas, Festa de Fin de curso....).
- Xornadas de convivencia con outros centros da comarca.

## 5. NECESIDADES

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflictividade. Cremos que tamén é necesaria, a formación permanente do profesorado para contribuír á mellora da convivencia e á prevención de situacións na que esta poda verse alterada.

Tamén é necesaria unha prevención efectiva, unha educación en valores fomentando a igualdade e a solidariedade así como o respecto mutuo.

Necesítase unha maior participación das familias e a súa colaboración para poder previr e intervir en caso de conflitos.

Na sociedade actual é importante que o profesorado sexa mellor valorado e que se respecte como autoridade pública que fai cumprir as normas establecidas na aula pero tamén no centro e no seu contexto.

## 6. OBXECTIVOS

Os obxectivos e actitudes que se pretenden conseguir co Plan de Convivencia son os seguintes:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora do rendemento nos centros.
- Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que podan propoñerse no Centro, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Fomentar a convivencia no Centro.
- Previr o acoso entre iguais.

- Formar ao alumnado na convivencia.
- Ademais como fins e principios das normas que sinala a lei 4/2011, sinalamos:
- Mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais/pais ou titores/as para facilitarlles o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos/as, pupilos/as.
- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación.
- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Previr e tratar situacións de acoso.
- Recoñecer ao profesorado, especialmente Equipo Directivo, as facultades precisas para previr e corrixir condutas contrarias á convivencia, así como a protección xurídica adecuadas as súas funcións.
- Promover a resolución pacífica de conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

#### ***6.1. Para o Profesorado***

- Acadar a formación precisa para afrontar debidamente a prevención e resolución de conflitos, sendo mediadores para formar a outros e que resolvan entre iguais.
- Coñecer os dereitos e deberes de cada sector da comunidade educativa (a través de diferentes carteis nos corredores do centro, por ciclos).
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
- Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos. Serán coñecidas por todo o claustro e acataranse do mesmo xeito.
- Programar e desenvolver actividades co alumnado e as familias relacionadas coa prevención e resolución de conflitos.
- Coñecer e participar nos procedementos de resolución de conflitos e na imposición de sancións.
- Velar pola proporcionalidade das sancións e a súa adecuación á lexislación e ao NOF.
- Inculcar ao alumnado a ás familias que o desenvolvemento dos dereitos propios acompañase do cumprimento dos deberes cara os demais.

#### ***6.2. Para o Alumnado***

- Dotar ao alumnado de estratexias para a prevención e resolución de conflitos, tanto no entorno escolar como fóra del.
- Fomentar actitudes de responsabilidade no uso e coidado do material e das instalacións.
- Fomentar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade.
- Fomentar actitudes positivas no uso da linguaxe.

- Desenvolver habilidades sociais que lles permitan comprender os diferentes puntos de vista, fomentando as habilidades de comunicación, tratamento e actuación ante os conflitos xurdidos de forma que aprendan a convivir en sociedade
- Coñecer os dereitos e deberes do alumnado.
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.

### **6.3. Para as Familias.**

- Implicar ás familias no proceso educativo, en xeral, e na participación nas medidas de prevención e corrección de condutas perturbadoras da convivencia, en particular
- Participar no desenvolvemento dunha boa convivencia no centro, a través do Consello Escolar, da Comisión de Convivencia e da ANPA
- Fomentar a colaboración e o intercambio de información para un mellor desenvolvemento do proceso educativo do/a alumno/a
- Coñecer os seus dereitos e deberes e os dos seus fillos/as, como membros da comunidade educativa.
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.

## **7.- CONCRECIÓN DO PLAN**

### **7.1. Actuacións medidas e programas favorecedoras da convivencia.**

As actuacións preventivas e aquelas que contribúan á detección e xestión da conflictividade deberán incluírse nos respectivos plans de convivencia e serán, como mínimo, as seguintes:

- **Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro** e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

Isto aparece recollido no plan de acollida do centro:

- Dinámicas de presentación do novo alumno por parte do mestre/a titor/a e xogos que favorezan o coñecemento entre os alumnos.
- Elaboración de murais para coñecer o seu país de orixe e explicación das outras culturas presentes na aula.
- Explicación das normas.
- Estudo de vocabulario básico, explicando que palabras corresponde a cada lingua. Con este poderemos realizar un dicionario de imaxes....

- **Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.**

En primeiro lugar, convén empezar a tratar o tema do acoso escolar de forma positiva. É dicir, trataremos de favorecer os bos tratos e as relacións positivas entre todas as persoas que convivimos no centro. Neste apartado podemos incluír as seguintes actividades:

GUÍAS PARA O ALUMNADO:

- Tratémonos bien. Guía para o alumnado de Primaria.

- Buenos tratos: para a etapa de Primaria.
- No te enredes en la red. Guía para coñecer o cyberbullying e algúns perigos de internet e das novas tecnoloxías.
- Cuentan igual: taller de resolución de conflitos dirixido a alumnado de 3 a 6 anos.
- Cuentos para vivir e soñar
- Programa “buenos tratos”: “La magia de los buenos tratos”, dirixido ao alumnado de Educación Infantil.

#### ACTIVIDADES DE CLASE:

##### a) **Infantil**:

- A semana das...
- O cumpreanos na aula.
- Xogar a ser iguais.
- Unha mensaxe na botella.
- Protagonista da semana.
- Temos un tesouro en clase.
- Aprendendo a ser responsables.
- Aprender a integrarse na aula...
- Normas si; pero Raul se portó mal: fomenta o coñecer a outros nenos, fixarse nos seus deberes, intereses e necesidades, axudarse, facer xuntos unha actividade, xogar xuntos, falar cos compañeiros...
- Traballo das condutas prosociais.

##### b) **Primaria**:

- JUUL. Lectura e Propuesta didáctica para traballar a agresividade verbal na escola.
- Taller de resolución de conflitos a través de diferentes dinámicas de aula.
- Elaboración dun mural traballando os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.

#### GUÍAS PARA AS FAMILIAS:

- Guía para las Familias.
- O Método de Pikas

#### COMICS:

- El maltrato entre escolares. Guía para jóvenes. Defensor del Menor, Comunidad de Madrid.
- El maltrato entre escolares. Guía para padres. Defensor del Menor, Comunidad de Madrid.
- Materiales didácticos para prevenir el CyberBullying. Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.
- CiberBullying. GUÍA RÁPIDA para le prevención del acoso por medio de las nuevas tecnologías. Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.
- Ventanas. Una Aventura REAL en un Mundo VIRTUAL. Disfrutar de Internet ... sin caer en la red. Ararteko, Defensoría del Pueblo CAPV.

#### TEATRO:

- Primer laberinto, María. María recibe as burlas e bromas pesadas dos seus compañeiros sobre o seu físico.
- Primer laberinto, Hugo. Oo intelixente Hugo convértese nunha persoa violenta.
- Primer laberinto, Alberto. Alberto é un rapaz que recibe o rexeitamento dos demais por mor da súa inclinación sexual.
- Primer laberinto, Mikhaela. Mikhaela é unha rapaza romaní que é rexeitada polos demais por ser estranxeira.

#### LIBROS:

- Palacio a la fuga: un conto sobre autodominio e bo carácter.
- BRODEK, El dragón del día y la noche: conto sobre paz e sensibilidade polas cousas fermosas.
- Las Flechas del guerrero: Un conto sobre evitar a violencia e loitando contra o conformismo.
- MAMÁ, DE QUÉ COLOR SON LOS BESOS. De Elisenda Queralt e Carla Pott.
- LAS PALABRAS DULCES. Norac, Carl e Buboís, Claude: Editorial Corimbo. Barcelona.
- POR FAVOR. Texto de Alicia Aspinwall.
- NI UN BESITO A LA FUERZA. Marion Mebes; Editorial Maite Canal.
- EL PODER TRANSFORMADOR DE LOS ABRAZOS. En vídeo.
- ADIVINA CUANTO TE QUIERO. Un libro de Sam MacBratney e Anita Jeram. Esta historia de dous coellos, que nos mostra que o amor non é algo fácil de medir.
- ¡Beso, beso! De Wild, Margaret: Ediciones Ekaré. Caracas.
- PIRINDICUELA. Sobre o orgullo. Begoña Ibarrola. Editado por SM. 2007.
- CORREPRISAS Y TUMBONA. Axudamos a quen o necesita. Texto escrito por Begoña Ibarrola.
- La pelea del cuerpo. Anthony de Mello.
- EL HOMBRECILLO DE PAPEL. Fernando Alonso.
- El ratón y los vientos.
- UN NIÑO CREATIVO.
- EL PUERCOESPÍN.
- EL GIGANTE EGOISTA. Oscar Wilde.
- EL TAMBORILERO MÁGICO de Gianni Rodari. Un soldado volve a súa casa despois da guerra. Un encontro cunha anciá lle dará un sorprendente poder para o seu tambor
- EL CUENTO DE LAS PELUSAS CALIENTES. De Claude Steiner.
- PILOCHA. de Maita Cordero. Editorial ESLA. Autoconcepto. A partir de tres anos.
- Paula y su cabello multicolor. Autora: Carmen Parets. Vídeo. Conto infantil para ensinar e identificar as emocións.
- A QUE SABE A LÚA? Michael Grejniec. Kalandraka Editora, 1999.
- UN PUÑADO DE BESOS. Ródenas Cancraso. Editorial ANAYA. VIDEO.

- LA REINA DE LOS BESOS. De Kristien Aertssen. Editorial: CORIMBO.
- LOS COLORES. Nunila López y Myriam Cameros.

#### VÍDEOS:

- ¿Conoces a alguien como Adolfo?: trátase dun conto dun neno que se burla constantemente dos demais.
- Un día más.
- La panda del patio.
- “El sandwich de Mariana”: é unha historia no que o maltrato a todos os niveis se manifesta.
- Famosos contra o Acoso.

#### CANCIÓNS:

- Haze: Qué bonita es la infancia.
- Kiko y Shara: Tras los libros.
- Responsables: Basta de matones.
- Bebe: Ella

### **RECURSOS PARA COÑECER E INTERVIR ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR: CUESTIONARIOS:**

É moi importante coñecer o estado da situación no noso centro, para isto podemos empregar algún dos seguintes modelos de cuestionarios para pasar ao alumnado a través dos titores:

- Cuestionario de clima de centro y aula para el alumnado.

Despois de revisar os datos, é convinte obter conclusións cos titores de cada nivel educativo. Coñecer mellor a situación do grupo-clase, do alumnado en risco de victimización, do alumnado agresor, etc. Posteriormente, os datos pódense presentar ante os pais de cada titoría, ante a CCP e ante o Claustro e o Consello Escolar. Trátase de sensibilizar e adoptar medidas para -sobre todo- prever, pero tamén para intervir ante estas situacións.

#### PROTOCOLOS:

Guía para el profesorado tutor. Que facer ante un caso de maltrato entre escolares? Protocolo de actuación do centro.

Resolución con protocolos de actuación de centros para casos de acoso escolar, agresión al profesorado o al PAS. Consejería de Educación de la Junta de Andalucía.

#### RECURSOS PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA:

El método de Pikas. Método de preocupación compartida.

#### RECURSOS PARA CREAR UN BON CLIMA DE CLASE

Juegos para la cooperación y la paz. Página de Antonio Vicent.

Programa de desarrollo de conductas de cooperación en el alumnado. Proxecto de investigación e innovación. Comunidade de Murcia.

#### RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS:

OLWEUS, D.: Conductas de acoso y amenaza entre escolares. Madrid. Morata. 1998.

DÍAZ-AGUADO, M.J.: Convivencia escolar y prevención de la violencia. INJUVE y CNICE (web).

ORTEGA, R.: La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla. Programa Educativo de Prevención de Maltrato entre compañeiros e compañeiras. CEJA, 2003.

AGUIAR, N. y BRETO, C.: La escuela, un lugar para aprender a vivir. Experiencias de trabajo cooperativo en el aula. M.E.C., CIDE. 2005.

TORRES, A.: Mejorando la convivencia en los centros. Consellería de Educación. Murcia.

Actividades y Materiales sobre Convivencia y Maltrato entre compañeros. IX Congreso Estatal de Maltrato Infantil. Valladolid, 2008.

¿Lo vas a consentir? Maltrato cero. Orientacións sobre o acoso escolar. Asturias, 2006.

AVILÉS M., J.M.: BULLYING: Intimidación y maltrato entre el alumnado. STEE-EILAS, 2002.

**PÁXINAS WEBS:**

Maltrato entre alumnos. Jordi Collell i Carme Escudé.

Webquest sobre el Maltrato entre iguales. Jordi Collell i Carme Escudé.

Tria la teva solució/Escoge tu solución. Historia interactiva do alumnado da Escola Pía de Igualada. Na web de J.Collell i C.Escudé.

Educación en valores.

La mirada de Jokin.

ANTI-BULLYING. Liña de axuda contra o acoso escolar.

ACOSO MORAL. Gobierno de Canarias.

EduAlter. Rede de recursos en educación para a paz, o desenvolvemento e a interculturalidade.

STOP BULLYING NOW. Páxina en inglés con materiais, xogos e historias (webisodes) sobre o tema.

**Contos:**

- "Nuna sabe leer la mente", Orit Gidali e Aya Gordon-Noy. BiraBiro editorial (+3 anos). Axúdanos a poñernos no lugar do agresor e entender un pouco máis porque fai o que fai. É fantástico para traballar a empatía e entender as dúas versión dunha mesma agresión.
- "[Monstruo pequeño dice ¡No!](#)", Áslaug Jónsdóttir, Rakel Helmsdal e Kall Güetter, ed. [Sushi Books \(+3 anos\)](#): Unha historia sobre a amizade, como relacionarse e non deixar que abusen de un. Tamén é moi válido para pequenos "mandones", para que se poñan no lugar dos demais.
- "El Club de los Valientes", Begoña Ibarrola e Pablo Auladell, ed. SM (+4 anos): o protagonista desta historia consegue poñer solución ao seu problema no colexio sen empregar a violencia e de forma pacífica, apelando á solidaridade entre os seus iguais. Fálanos de valentía, de autocontrol e de non ceder ante as ameazas dos demais.
- "Rojo o por qué el bullying no es divertido", Jan de Kinder, ed. Tramuntana (+5 anos): narrado en primeira persoa por unha nena que ao principio se une á agresión a outro compañeiro de forma inocente, como un xogo divertido, pero que pronto ve que as cousas se van de madre, a broma deixa de ser divertida e pasa a querer parar e denunciar ao abusón, pero ten medo das repercusións. Ao final a nena vence os seus temores e conta o sucedido.
- "Cuando se meten conmigo" e "Cuando no te dejas influir", VVAA, ed. San Pablo (+5-6 anos): manuais onde se describen por exemplo: que é intimidar; como son os abusóns e que fan; a quenes molestan e como; como librarse deles; que é a presión do grupo e como superala; como recoñecer aos auténticos amigos; saber dicir "non",...
- "Mundo cruel. Filosofía virtual para niños", Ellen Duthie y Daniela Martagón, Wonder Ponder (+8 anos): tarxetas con escenas nunha cara e preguntas na outra. Veñen nunha

caixa, onde nun dorso pon "Abre, mira, piensa". E é iso exactamente o que o "lector" debe facer, só ou acompañado, en casa ou na escola.

En ningún momento se dá resposta ás preguntas, porque o obxectivo non é ensinar nada, senón invitar aos/ás nenos/as a reflexionar e dialogar, estimulando a súa actitude crítica e o desenvolvemento do seu propio criterio e modo de pensar.

- "¡Sonríe!", Raina Telgeimer, ed. MaevaYoung (+10 anos): Raina é unha nena de sexto, ten as súas amigas, é membro dos scouts e a súa vida marcha bastante ben. Un día ten un accidente e rompe os dous dentes dianteiros. Con todo Raina descubrirá que as súas amigas non son tan amigas como parecían e fartarase de ser centro das súas bromas, risas e burlas constantes. Ao final tomará unha decisión difícil pero acertada, buscar novos amigos máis respectuosos, amables e cos seus mesmos intereses.
- " Wonder. La lección de August", R.J. Palacio, ed. Nube de Tinta (+11-12 anos): August naceu cunha grave enfermidade e a cara totalmente desfigurada. Tras anos de operacións, os seus pais cren que chegou o momento de empezar o colexio. Hasta entón o educaba a súa nai en casa.

### **Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.**

#### **Educación INFANTIL:**

Arturo e Clementina.

Super Lola

“Una Blancanieves diferente”

“La Cenicienta que no quería comer perdices

Guía de Educación sexual para a primeira infancia.

Poemas para traballar a coeducación en E.I. e Primaria.

El día que mi papá se puso un delantal.

Ni un besito a la fuerza.

#### **PRIMARIA:**

Guía de Educación sexual para Primaria.

Unidade didáctica: Homes e mulleres.

Unidade didáctica sobre coeducación.

#### **INFANTIL e PRIMARIA:**

Desmontando a Disney. As películas de Disney reproducen “un estereotipo dos xéneros... que ten un efecto adverso sobre a infancia, ao contrario do que nais e pais poidan pensar... As familias pensan que son esencialmente inofensivas, e en absoluto o son”.

Visionado e traballo posterior de contos coeducativos como: SuperLola (ademais do conto tamén temos en internet a guía de traballo). Lola soña cun mundo mellor no que todas as nenas e nenos se sintan libres para ser o que queiran. Así se presenta a protagonista de SuperLola, un conto coeducativo que fala da igualdade cunha linguaxe moi sinxela. É unha nena inqueda, divertida e valente que quere cambiar o mundo. Ela quere ser superheroína, así que se pasa todo o día correndo dun lado a outro para ser cada vez máis forte ou lendo libros de mulleres valentes que tamén cambiaron o mundo.

Como exemplo de actividades que se traballan neste material podemos destacar:



- En primeiro lugar: xogo no que cada alumno leva unha pegatina nas costas con algo que o defina, pero non pode saber que é nin o resto dos compañeiros debe dicirlllo, pero si deben tratarse como crean segundo a pegatina que leven. As etiquetas poden ser: persoa de raza negra, persoa de raza china, chico gay, chica lesbiana, mendigo, señora da limpeza, etc. Posteriormente farase unha reflexión con eles, intentando adiviñar que etiqueta levan e preguntándolles como lles trataron, se os discriminaron e por que.
- Por último, realizaremos unha reflexión final con preguntas aos alumnos sobre as imaxes do vídeo da canción ¿No podíamos ser agua? De Maldita Nerea, xa que trata dun home de raza negra vendendo paquetes de panos de papel na rúa.

### ***Dinámica da amizade***

Obxectivo: Concienciar sobre o valor da amizade e as cualidades que se necesitan desenvolver para fomentala, creando un clima favorable e evitando actitudes violentas na aula.

Destinatarios: nenos/as a partir de 10 anos

Desenrolo: O profesor/a solicita ós rapaces/as que respondan por escrito nunha folla branca as seguintes preguntas:

- Describe as características dun bo amigo
- Indica como demostras que es amigo de alguén
- ¿Cres que é importante ter amigos ?¿Por qué?
- ¿Cres que tes cualidades para ser un bo amigo? Si as tes
- ¿Cales son e que outras cualidades quixeras ter?

O profesor/a recolle as follas e le varias ó chou, sen dicir o nome do autor/a. Logo, en sesión plenaria, abre un debate sobre as ideas expostas. O docente manexa unha reflexión sobre “o que podo facer hoxe para ser un bo amigo”.

### ***Dinámica das cualidades***

Obxectivo: Dar a coñecer as cualidades de cada un dos alumnos/as que forman o grupo clase.

Desenrolo: Para unha maior integración grupal será proveitoso que cada membro da clase procure coñecer e resaltar as cualidades do seu compañeiro/a.

Nunha papeleta ou pos-it cada un escribe o nome dun compañeiro/a e ó lado unha cualidade que caracterice á persoa. Ponse na cortiza e os alumnos/as van pasando e engadindo outra cualidade na folla.

### ***Dinámica do barco***

Obxectivo: Espertar certa sensibilidade na aula e dar a coñecer os valores persoais de cada un dos alumnos/as para crear un clima favorable de traballo.

Desenrolo: O profesor/a debuxa no encerado un barco coa súa tripulación navegando no mar. Esta tripulación está composta por un médico, un labrador, un arquitecto, un vagabundo, un cura, un drogadicto, un profesor,...

O barco continúa o seu rumbo e de pronto, aparece unha tormenta e naufraga. Logran sacar unha pequena barca na que caben catro persoas.

Cada neno/a debe escribir na súa folla a quen salvaría e por que.

A continuación, fórmanse pequenos grupos onde cada un expón o seu pensamento, o seu criterio; logo dentro do grupo noméase un moderador para unificar criterios e poñelos en común.

Finalmente, sácase unha conclusión da dinámica de todos os participantes.

### ***Dinámica do compañeiro/a***

Obxectivo: Practicar as habilidades sociais e resolver conflitos que poidan producirse no alumnado, fomentando un clima agradable e sen violencia.

Desenrolo: Agrúpanse os nenos/as por parellas, onde un de cada parella lle conta un problema persoal o seu compañeiro/a. A persoa que escoita ten que empatizar con el, é dicir, practicar as súas habilidades sociais. Despois, intercambiaranse os roles a desempeñar.

Unha vez que termina a actividade, propoñerase en común unha reflexión sobre os temas tratados por parellas.

Esta dinámica con mediador/a, permite analizar os problemas que poidan sufrir os alumnos/as. É importante que a mecánica da técnica nos sirva para practicar as habilidades sociais e resolución de conflitos.

### ***Dinámica da árbore e o vento***

Obxectivo: Crear un ambiente de distensión, harmonía e confianza dentro do grupo. Poñer a cada participante na situación de ter seguridade nos seus compañeiros.

Desenrolo: Fórmanse rodas de non mais de oito persoas, todos eles moi xuntos, case unidos á altura dos ombreiros. Un dos participantes colócase dentro do corro, no centro, cos pés xuntos. Pouco a pouco vas deixando caer, sen mover os pés do chan, de tal maneira que os integrantes do corro con delicadeza o empuxen de uns cara outros, sen permitir que se caia, a modo de “boneco tentempé”. Farase así cos demais participantes do grupo.

### ***Dinámica do abrazo***

Obxectivo: Desenrolar con certa espontaneidade a proximidade con outras persoas. Producir un acercamento físico entre os integrantes do grupo para crear un clima favorable .

Desenrolo:

Todos os integrantes do grupo séntanse formando un corro. Por orde e de un en un, dille cada un dos integrantes do grupo á persoa que está sentada á súa dereita e en voz alta:

- “¿Sabes o que é un abrazo?”

A persoa que está sentada á dereita de quen realiza a pregunta contesta:

- “Non., non o sei”

Entón danse un abrazo e a persoa que contestou diríxese ó compañeiro/a anterior e contesta:

- “Non o entendín, dáme outro”

Vólvense a dar outro abrazo, e o neno/a que foi abrazado realiza a mesma pregunta ó seu compañeiro/a da dereita, facendo a mesma operación anterior. Así sucesivamente hasta que todos os integrantes do grupo sexan abrazados e abracen.

### ***Dinámica da motivación***

Obxectivo: Demostrar como as persoas, aínda que actúen da mesma maneira, poden estar partindo de motivacións diferentes e comprender actitudes aparentemente incomprensibles para conseguir un clima escolar pacífico.

Desenrolo: Débese formar un círculo con todos os integrantes do grupo. Pídese que cinco ou seis persoas se presenten voluntariamente ó centro do círculo. Logo deberán dicir ó grupo os motivos polos que se presentaron voluntariamente. O resto do grupo escoita. Seguidamente, pídese a quen non se presentara voluntariamente que expoña en público os seus motivos para non facelo.

### ***Xogo de formar grupos***

Obxectivo: Integrar ó alumno/a no grupo-aula para que sinta unha maior motivación para a realización das dinámicas e xogos. Desenvolar a axilidade e a atención de cada un dos integrantes.

Desenrolo: Fórmanse dous círculos concéntricos con todos os integrantes da dinámica: un círculo dentro do outro. O círculo exterior debe ser mais amplo có interior, para que cada círculo poida levar distintas direccións sen ningún problema de estreiteces. Cabe anotar que o círculo maior (exterior) mira ós de dentro e o círculo menor (interior) míranse entre si. Os do círculo exterior tómanse das mans así como os do círculo interior.

Procedemento: O círculo exterior comeza a xirar ben sexa cara o lado esquerdo ou cara o dereito, e o círculo de dentro xira sempre ó lado contrario. Mentres tanto, todos os integrantes van cantando unha canción calquera que sexa común para ambos círculos. Ó mesmo tempo o docente, que está fóra dos círculos, cando os ve ben concentrados xirando e cantando a canción, dilles “grupos de ....” (calquera nº que escolla). Instantaneamente débense formar grupos de ese número de integrantes, abrázanse e agáchanse o mais pronto posible e o último grupo que se agache ou o que quede incompleto ou lle sobren integrantes, elimínase.

Esta rolda pódese facer varias veces hasta quedar un mínimo número de persoas ou eliminar a todo en xeral.

### ***Dinámica do lavacoches***

Obxectivo: Estimular un ambiente distendido. Formar cohesión co grupo a través do contacto físico, creando un clima acolledor na aula.

Desenrolo: Facemos dúas filas cos integrantes do grupo, paralelas. Posteriormente repartimos funcións de lavado de coches ós participantes. Para isto dividimos en pequenos grupos as filas, é dicir, si os dividimos de seis en seis: tres serán da fila da dereita e outros tres da esquerda. As funcións serán as seguintes: enxabonador, escobillas, auga e secado. Unha persoa meterase no papel de ser coche, pasará polo túnel e os demais intentarán limpalo cumprindo a función asignada.

### ***Dinámica de gañe canto poida***

Obxectivo: Observar os mecanismos de competición e cooperación que poidan darse no seno dun grupo. Aprender a valorar a cooperación como fórmula segundo a cal todos gañan .

Desenrolo: Dividimos o grupo en catro subgrupos de aproximadamente cinco persoas. Cada subgrupo corta unha octavilla, na que deberá poñer segundo a súa quenda “X” ou “Y”, a elixir. O animador recolle a elección “X” e “Y”, anotamos os puntos obtidos segundo a seguinte táboa:

4x	Perden todos 1000
3x,1y	Gañan 1000 cada “X” Perden 3000 cada “Y”

2x,2y	Gañan 2000 cada “X” Perden 2000 cada “Y”
1x,3y	Gañan 3000 cada “X” Perden 1000 cada “Y”

Con esta técnica conseguiremos que entre todos os subgrupos consigan a maioría dos puntos posibles, evitando competencias entre eles.

**Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.**

A etapa educativa infantil é a mellor para a incorporación de actividades relacionadas coas actitudes e valores de igualdade xa que os nenos e nenas cando se escolarizan se incorporan xa á escola con certas experiencias de socialización e unha determinada identidade cultural. Aos cinco e incluso antes, poden presentar actitudes de rexeitamento cara membros de outros grupos sociais ou étnicos.

Os centros deben traballar para que se convertan en espazos multiculturais que recoñezan e comprendan a diversidade cultural e racial, evitando que inmigrantes e minorías étnicas se sinta excluídos ou discriminados por manifestacións racistas e xenófobas. Da mesma forma debe facerse con outros grupos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou discapacidades.

É imprescindible que os pais e nais dos alumnos e alumnas participen nas actividades que promova o centro, de forma que se lles faga reflexionar da necesidade de establecer unha adecuada coordinación para fomentar a educación en valores, así como que aprendan estratexias para fomentar os seus fillos e fillas a igualdade entre todos.

Para que a diversidade étnica e cultural se transforme en algo enriquecedor é preciso respectar a diversidade e promover o intercambio para conseguir pasar dunha sociedade multicultural a outra intercultural.

A actitude positiva do educador é fundamental para levar a cabo actividades enriquecedoras e que fomenten valores positivos nos nenos e nenas, xa que nesta etapa o docente actúa como principal modelo para os pequenos.

Deben aprender a coñecer, valorar e respectar as outras culturas da sociedade á que pertencen, valorando as diferenzas como un enriquecemento. A educación intercultural non é necesaria só para os diferentes senón para todos, tamén, e sobre todo, para as maiorías. Para isto, é fundamental a planificación de actividades estimulantes e divertidas, que ensinen os valores positivos aos nenos e nenas.

O que fai que se modifiquen estas pautas de comportamento é principalmente os condicionantes familiares. O neno ou nena queren parecerse aos seus pais, e as ideas ou crenzas da súa familia (tanto pais como avós) chegan a ser o seu modelo a seguir. De pais con prexuízos saíran fillos e fillas con prexuízos. Non é necesario que estes se mostren de forma directa e activa, o neno ou nena observa todo o que pasa ao seu arredor e é, en xeral, especialmente sensible á linguaxe corporal.

Nunha etapa posterior, na adolescencia, o racismo brota ao seguir as normas dos seus amigos e, en especial, as do líder das primeiras pandillas. Aquí xa non intenta parecerse aos seus pais, pois xurde a necesidade dunha autoafirmación e dunha rebeldía.

O mestre ou mestra na aula realiza esta mesma función de referencia. O seu papel é fundamental pois serán el ou ela os encargados de modificar esa conduta ou mellor, de previla antes da súa aparición.

Para traballar este tipo de aspectos poderemos facelo a través de vídeo contos facendo un vídeo fórum. Entre estas podemos salientar:

#### Educación infantil e 1º e 2º de Educación Primaria:

- "Orejas de Mariposa" de Luisa Aguilar.
- "Por cuatro esquinitas de nada" de Jérôme Ruiller.
- "El cazo de Lorenzo" de Isabelle Carrie
- "Cuerdas" de Pedro Solís: é un corto imprescindible para entender que a amizade está por encima das diferenzas.
- "Mi lado de la bufanda": conto imprescindible para entender a natureza da amizade.
- "Pájaros" de Pixar: Un divertido conto sobre como a vida pode dar a volta á tortilla e poñernos no lugar do outro
- "El puente" Ting Chian Tey: Unha historia que nos pode servir para reflexionar sobre as diferentes maneiras que temos de enfrontarnos a un conflito.
- "Inés Tres-Pies" de Tessie Solinis: Inés ten tres pés... e iso ten as súas vantaxes e desvantaxes.
- "Pobre Cigüeña": conto sobre unha cegoña á que lle dan os encargos máis complicados. Nas nosas clases a miúdo nos ocorren estas cosas... hai peques especiais porque pola súa forma de ser son máis difíciles... iso tamén é diversidade e eles necesitan sentirse queridos e valorados e nos necesitamos prepararnos ben... serve tamén para E.P.
- "El patito feo" de Hans C. Andersen: Un conto sen idade... que está cheo de mensaxes en clave para entender o proceso vital polo que nos encontramos a nós mesmos.
- "Lolo, un conejo diferente" de Guido Van Genechien: Lolo é un coello un pouco especial porque unha das súas orellas lle cae cara o lado.
- "Los colores de las Flores", conto da ONCE que nos axudará a entender a forma de percibir o mundo das persoas cegas.
- "Out of sight" ("Fuera de la vista"): Unha nena pasea pola cidade e alguén lle quita o bolso... o seu can corre tras el e se queda sola e perdida. Como percibirá agora o entorno que a rodea? Un conto xaponés na liña do anterior pero moito máis específico.
- "Todos somos especiales" de Arlene Maguire: "Todos somos especiales, únicos y fenomenales...". Libro en verso que ensalza a diferenza como valor.
- El nombre lo dice todo. Sexas como sexas...
- El hada fea: Aceptarnos tal como somos
- Animales de colores: Aceptar as diferenzas, ter a mente aberta e evitar prexuizos. Visualización e Imaxinación
- El tigre que se reía de todos: Valorar as cousas boas dos demais, e nunca burlarse das súas debilidades.
- Un chocolate muy especial: un alumno novo chega ao noso centro. Os nenos pensan que é de chocolate e quérenlo comer.

### Educación Primaria:

- Animales de colores: Aceptar as diferenzas, ter a mente aberta e evitar prexuizos. Visualización e Imaxinación
- "Hugo, un amigo con Asperger" de INASHMED: os compañeiros dun neno/a con esta forma de ser poidan entendedelos un pouco mellor.
- Los duendes malvados: un conto sobre Respecto e consideración.
- "La discriminación no es cosa de juego" de LADO: Este pequeno corto axuda a entender os problemas que produce a discriminación. É un pouco duro pero merece a pena tratalo en clase sobre todo a partir de 5 anos pero sobre todo en Primaria.
- Abuelos contra marcianos: un conto sobre o respecto aos maiores
- El deductivo señor Tábano; un conto sobre evitar os prexuizos
- El mejor robot: un conto sobre integración e aceptación das diferenzas
- El niño de las mil cosquillas: un conto sobre aceptarnos tal e como somos.
- El Día del Silencio: un conto sobre integrar ás persoas con minusvalías
- Ladrones en el jardín: un conto sobre evitar os prexuizos.

### **Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.**

Como medidas complementarias o DO elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais como complemento das medidas correctoras. Programa que neste centro quedará recollido no programa de habilidades sociais e que segundo se establece no D. 8/2015 ou o D. 229/2011 desenvolverá o/a Xefe/a do Departamento anteriormente nomeado.

#### ***7.2. Concreción das medidas e programas, persoas e responsables, destinatarios e procedementos para o desenvolvemento deste plan.***

ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN: actuacións previstas

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	RECURSOS	TEMPOR.	AVAL.
Elaboración	Reunións de traballo	-Equipo directivo -Claustro	- Lei 4/2011 - D.8/2015 - NOF -Materiais do portal educativo.	2º trimestre do curso 2019/20	1ª quincena do curso 2020/2021
Aprobación	-Reunións da CCP -Sesións de claustro -Consello Escolar	-CCP -Claustro -Consello Escolar	-Plan de Convivencia	Febreiro	
Posta en marcha	-Reunións de traballo coordinadores e titores -Intercambio de información sobre o alumnado entre os titores.	-Equipo directivo -Coordinadores de niveis -Titores/as	-Plan de acollida -Expedientes e informes do alumnado	1ª quincena de outubro	
Dar a coñecer o Plan ao alumnado	-Coñecemento das normas que rexen o centro	-Equipo directivo -Titores	-NOF -Plan de Convivencia	2ª quincena de outubro	Ao finalizar a actividade
Dar a coñecer o Plan ás familias	-Coñecemento das normas que rexen o centro	-Equipo directivo -Titores	-NOF -Plan de Convivencia	2ª quincena de outubro	Ao finalizar a actividade
Concienciar ás familias	-Reunións informativas pais/nais e titores/as	-Titores/as -Claustro -Equipo directivo -DO	-NOF -Calendario escolar -Circulares -PAT	Mínimo, unha vez por trimestre	Ao final de cada trimestre
Concienciar ao alumnado	-Titorías -Análise co alumnado da calquera incidencia que afecte á convivencia -Obradoiros -Celebracións	-Titores/as -Pais/nais -Equipo directivo -DO -Claustro	-NOF -Plan de convivencia -PAT -Películas -Xogos -Outros	Durante todo o curso	Ao final de cada trimestre -Ao final da actividade
Potenciar condutas positivas	-Celebración do día da Paz -Celebración día da muller traballadora -Outras	Claustro	-Material escolar Dependencias do centro -Outros	-Ao redor do 30 de xaneiro -Ao redor do 8 de marzo	Ao finalizar a actividade
Favorecer unha relación positiva escola/familia	-Reunións cos pais/nais -Enquisas	Comunidade educativa	-Enquisas -Circulares	Todo o curso	3º trimestre
Favorecer o contacto do alumnado de distintos cursos	-Sesións de teatro, películas, charlas,... -Saídas escolares -Actividades conxuntas no centro	Claustro	-Material escolar Dependencias do centro -Outros	Todo o curso	Ao finalizar as actividades
Aprender estratexias de resolución de conflitos	PAT	Claustro	PAT	Todo o curso	Ao final de cada trimestre

Actuacións coordinadas do profesorado	-Toma de decisións conxuntas -Actuacións segundo o acordado	-Claustro -DO e CCP -Equipos Docentes	-NOF -PAT -Plan de convivencia	Todo o curso	Ao final de cada trimestre
-Detectar situacións de acoso escolar	-Observación -Entrevistas co alumno/a e a súa familia -Reunións cos traballadores de SS.SS.	Comunidade educativa	-NOF e PAT -Plan de convivencia -Enquisas -Servizos Sociais	Todo o curso	Ao final de cada trimestre
-Detectar situacións de maltrato infantil	-Observación -Entrevistas co alumno/a e a súa familia -Reunións cos traballadores de SS.SS	Comunidade educativa	-NOF e PAT -Plan de convivencia -Enquisas -Servizos Sociais	Todo o curso	Ao final de cada trimestre
-Detectar situacións de violencia sexista	-Observación -Entrevistas co alumno/a e a súa familia -Reunións cos traballadores de SS.SS	Comunidade educativa	-NOF e PAT -Plan de convivencia -Enquisas -Servizos Sociais	Todo o curso	Ao final de cada trimestre

## 8.- NORMAS DE CONVIVENCIA

### 8.1. Normas de convivencia do centro. (dereitos e deberes de toda a comunidade educativa).

As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

Recollerán a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.

As normas de convivencia, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

Concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no D. 8/2015.

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.



Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

### **Normas xerais de convivencia.**

#### **RECOLLIDAS NAS NOFC**

#### **a. Respecto á circulación no centro de persoas alleas ao mesmo durante a xornada escolar.**

Evitarase a súa circulación para evitar a interrupción da actividade escolar nas aulas.

#### **b. Normas de convivencia do centro.**

##### **Apertura e peche do centro.**

As cancelas de acceso ao recinto escolar abriranse ás 9:15 durante a mañá e ás 15:30 pola tarde, sendo o profesorado de garda o encargado de conducir ao alumnado ata o transporte correspondente. Os nenos-as que van a comer a súa casa saen ás 13 :00 h e regresan ás 14:00h . O alumnado non transportado será entregado aos seus pais ou titores legais na entrada do recinto escolar.

##### **Entradas e saídas do centro.**

- Respectala puntualidade nas horas de entrada ó Centro.
- Ás entradas no Centro, unha vez iniciada a actividade escolar, deberán ser xustificadas por escrito polos pais ou titores. Os impresos entregaranse ao correspondente ao mestre
- As saídas durante a xornada escolar soamente serán permitidas ante a presenza dunha persoa responsable. Os pais ou titores poderán solicitar o impreso correspondente ao mestre
- Á saída do Centro os alumnos, de non ser recollidos polos seus pais serán posto a disposición da dirección do centro. Chamarase para recordar. De ser reiterado o caso darase parte aos servizos competentes

##### **Respecto á educación infantil.**

No período de adaptación en 3 anos, haberá un horario flexible segundo o establecido na P.X.A.

##### **Respecto ao control de asistencia.**

- Deberase xustificar a non asistencia á clase ao Titor mediante una comunicación escrita dos pais ou titores.
- A falta a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua. De constatare a falta a clase de modo reiterado o Centro ten a obriga de iniciar o “Protocolo de absentismo” de acordo coas disposicións vixentes.

##### **Respecto á impartición das clases.**

- Crearase o clima de silencio necesario, para o bo desenvolvemento da clase.
- Non se comerán durante as clases chicles, caramelos...
- Non se permite aos alumnos teléfonos móbiles, receptores de radio, consolas,... ou calquera outro aparello que poida distorsionar o normal funcionamento da clase. O profesor poderá retirar ao alumno estes aparellos poñéndose en contacto,coa familia para a súa entrega e devolución
- Tolerancia, comprensión e respecto coas opinións dos compañeiros.
- Mostrarase unha actitude aberta, receptiva e respectuosa ante as observacións ou correccións que lles fagan os profesores.

### **Respecto aos intervalos entre clases.**

- Non se poderá saír das aulas sen unha causa xustificada.
- O diálogo deberá transcorrer nun clima de absoluta corrección.
- Fora das horas lectivas, o alumnado non pode estar no interior das aulas, salvo que se acheguen en compañía dun profesor/a ou obteñan deste o seu permiso.

### **Respecto á circulación nos corredores.**

- Absterse de berrar, golpear as portas, etc...
- Circular con normalidade, evitando as carreiras e todo tipo de condutas agresivas.
- Evitar a permanencia nos mesmos sen unha causa xustificada.
- Ter unha actitude de respecto aos diversos carteis, murais, plantas e obxectos que nel se atopan.

### **Respecto aos tempos de lecer.**

- Absterse de superar os límites do espazo de xogo.
- Facer que transcorran en harmonía e respecto cos outros nenos.
- Respectar e obedecer as indicacións dos mestres responsables do recreo
- Non tirar obxectos ao chan. Utilizalas papeleiras e contedores de lixo.

### **Respecto ás instalacións.**

- Tratar as instalacións escolares con responsabilidade para axudar á súa conservación.
- Conservar en bo estado calquera material escolar.

### **Respecto ao comedor escolar.**

- O alumnado de 5º e 6º colaborará no servizo de comedor mentres voluntariamente o desexe, e o seu comportamento así o permita.
- O alumnado comportarase dun xeito axeitado e respectuoso durante o xantar, intentando que dito servizo sirva de complemento á súa formación específica.

### **Respecto ao transporte escolar**

- Os acompañantes de cada autobús escolar recollerán aos alumnos na porta do patio do centro.

### **Respecto á vestimenta.**

- A vestimenta do alumnado debe estar acorde coa actividade que se realice. Para a clase de Educación Física é imprescindible o uso de vestimenta deportiva.

### **Respecto aos servizos.**

- Coidar a hixiene no uso dos mesmos.
- Velar pola súa mellor conservación.
- Usalos preferentemente no tempo establecido
- Evitar o uso en horas de clase, excepto nos casos de necesidade.
- Non tirar obxectos nos WC, e non permanecer neles máis alá do tempo imprescindible.

### **Respecto ás saídas extraescolares.**

- As saídas extraescolares son actividades voluntarias para o profesorado.
- As faltas de disciplina e/ou a non atención ás normas facultará ao profesorado da actividade para decidir a participación ou non dos alumnos infractores.
- Os alumnos que teñen limitada a mobilidade, temporal ou permanentemente, ou requiran unha especial atención para participar na actividade deberán ir acompañados dun mestre a maiores.

### **Respecto á sala de mestres.**

A Sala de Mestres é unha zona reservada para o traballo docente e a realización de gardas. A esta dependencia, en horario escolar, so está permitido o acceso os membros do Claustro de Profesores.

### **Respecto ao uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos.**

- O alumnado non poderá traer ao colexio nin utilizar móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico (consolas, reprodutores de música ou imaxe, cámaras de foto e/ou vídeo,...) dentro do recinto escolar.
- Excepcionalmente, e con finalidade didáctica e/ou pedagóxica, autorizarase a utilización de móbiles e outros dispositivos electrónicos.
- O profesorado non deberá facer uso do teléfono móbil durante as clases, agás en casos de urxencia ou con fins educativos.
- Se un alumno ou alumna necesitase facer unha chamada urxente, comunicarao ao profesor ou profesora que, tras valorar a xustificación e urxencia, autorizarao ou non a baixar á conserxería ou despacho dun cargo directivo de garda.
- Se un alumno ou alumna recibise unha chamada de carácter urxente, a persoa que atenda a chamada encargarse de facerlle chegar o aviso, ben directa ou indirectamente.
- O centro non se fará responsable da perda ou roubo de aparellos electrónicos.
- Na aula de informática o uso dos ordenadores realizarase sempre baixo a supervisión dun profesor ou profesora.
- O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. /Artº 11.3\_Lei 4/2011).
- No caso de retirarlle a un alumno/a o teléfono móbil, dispositivo electrónico ou obxecto expresamente prohibido, terán que vir recollelo ao centro o seu pai/nai ou titor/a legal de dito alumno/a
- Nas actividades complementarias e extraescolares de un só día nos se permitirá o uso do teléfono móbil, os mestres acompañantes facilitarán un número de teléfono a disposición das familias para calquera incidencia. Nas actividades de fin de etapa de varios días, permítese o uso do móbil, tendo en conta o uso responsable do mesmo.

### **Respecto á captación e difusión de imaxes.**

Durante os festivais que teñen lugar no centro, os pais/nais poderán gravar imaxes, sempre que sexan para uso persoal, e responsabilizándose do mesmo. No lugar dos festivais haberá carteis informativos ao respecto.

Previa autorización das familias procederemos á publicación de imaxes na web do centro, previamente seleccionadas.

### **Varios.**

Non se permite a posesión ou utilización de obxectos, sustancias,..... que poidan considerarse perigosas, desagradables,....

### 8.1. Normas a seguir polos mestres.

Segundo o NOF do noso centro os mestres rexeranse polo establecido no ROC das escolas de Educación Infantil e primaria, as circulares da Xefatura territorial, da Inspección e as normas e acordos tomados no Claustro e Consello Escolar do propio centro.

- Cumprir e facer cumprir tódolos puntos do NOF.
- Participar nas convocatorias dos claustros.
- Elixir os representantes do Consello Escolar.
- Formar parte dun equipo e participar nas reunións.
- Colaborar nas tarefas da Biblioteca do centro e da aula.
- Velar polo material do centro.
- Asistir con puntualidade ao centro.
- Tomar parte da vixilancia dos tempos de lecer segundo as quendas establecidas na PXA.
- Acompañar ordenadamente ao curso con quen ten clase á entrada e a saída.
- Na primeira reunión da CCP nomearase o secretario e proporase o Xefe de actividades complementarias.
- Antes do 30 de setembro os coordinadores presentarán as propostas para a PXA.
- Os mestres tratarán de establecer cos pais e/ou titores legais as relacións necesarias para conseguir unha maior coordinación no proceso escolar e na culminación dos fins programados.
- Os pais terán información periódica da marcha do proceso escolar do seu fillo. Serán convocados no mes de outubro para recibir explicacións dos obxectivos a acadar no curso. Todos os martes poderán recibir información directa dos mestres que inciden na marcha escolar.

Como dereitos e deberes do profesorado segundo o D. 8/2015 e a Lei 4/2011 destacamos:

<b>PROFESORADO</b>	
<u>DEREITOS</u>	<u>DEBERES</u>
Ser respectados	Respectar as normas de convivencia
Recibir un trato adecuado	Facer respectar as normas de convivencia
Ser valorado pola comunidade educativa	Adoptar as decisións axeitadas para manter un adecuado ambiente de convivencia
Desenvolver a función docente nun ambiente educativo adecuado	Correxir as condutas contrarias á convivencia
Que se preserve a súa integridade física e moral.	Colaborar na corrección das condutas contrarias á convivencia.
Que se recoñezan as súas facultades para manter un adecuado ambiente en clase e nos tempos de lecer	Colaborar na prevención das condutas contrarias á convivencia.
Protección xurídica adecuada as súas funcións.	Informar aos pais do proceso socio-educativo
Participar no proceso educativo	Informar sobre as alteracións da convivencia
Acceder á información na atención á diversidade e na conflitividade	
Recibir estímulos axeitados para implicarse en actividades e experiencias relacionadas coa convivencia e a mediación	

### 8.2. Normas a seguir polos pais e/ou titores legais.

- Os pais e/ou titores legais poderán participar nas actividades do centro a través da ANPA.
- Deberán interesarse pola realización das actividades dos seus fillos, debendo facilitar aos mestres que o soliciten todo tipo de información relativa aos seus fillos.
- Deben prover aos seus fillos de todos os medios necesarios (libros, cadernos e material de traballo) para levar a cabo as tarefas e actividades que se indiquen.
- Colaborarán no cumprimento dos deberes dos seus fillos respecto ao centro: puntualidade, orde, hixiene...
- Todo pai está obrigado a tender todas aquelas citacións que reciba do colexio, debendo comunicar as enfermidades dos seus fillos coa maior brevidade posible, para poder tomar as medidas oportunas.
- Todo pai que desexe manifestar algunha suxestión ou queixa respecto á Organización do centro ou persoal do mesmo, poderá tramitala a través do titor ou dos representantes de pais no Consello escolar ou ao Director.

como dereitos e deberes de pais e nais segundo o D. 8/2015 e a Lei 4/2011 destacamos:

PAIS E NAIS	
DEREITOS	DEBERES
Ser respectados	Coñecer, participar e apoiar o proceso educativo
Recibir un trato adecuado	Coñecer as normas de convivencia
A estar informados	Fomentar o respecto por toda a comunidade educativa
Facilitarlles o acceso ao profesorado	Colaborar na prevención das condutas contrarias á convivencia
Recibir información sobre as normas de convivencia	Colaborar na corrección das condutas contrarias á convivencia.
A ser oídos nos procesos disciplinarios	
A participar no proceso educativo	

### 8.3. Como Dereitos e deberes do alumnado.

Segundo o D. 8/2015 e a Lei 4/2011 destacamos:

ALUMNADO	
DEREITOS	DEBERES
Que se respecte a nosa integridade, identidade e dignidade persoal	Respectar as normas de convivencia
Recibir información integral e coeducativa que contribúa ao desenvolvemento da nosa personalidade.	Participar na mellora da convivencia
Participar no proceso educativo	Colaborar na mellora da convivencia
Protección integral contra agresións físicas	Respectar o dereito dos meus compañeiros á educación
Protección integral contra agresións morais	Respectar a dignidade do profesorado e das súas funcións.
Participar na elaboración das normas de convivencia	Respectar a liberdade de convencións relixiosas e morais
Participar na resolución de conflitos	Respectar a igualdade entre homes e mulleres.

Participar no proceso educativo	Respectar a dignidade, integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.
Participar nas tomas de decisións en materia de convivencia	

#### 8.4. Actuacións en caso de conflito

A estricta aplicación do modelo tradicional de sancións (Incidente - Titor/a - Director/a – Consello Escolar – Sanción) a miúdo non ten un matiz recuperador xa que se tratan exclusivamente os síntomas dun problema (o incidente en si) e o problema profundo que motiva a conduta queda oculto. Dende o centro contéplase que o mellor protocolo de actuación é a **prevención de condutas** e a **intervención para regular os conflitos**, apoiada esta idea pola lei 4/2011.

A pauta fundamental de actuación será a do diálogo co alumno/a para que comprenda as consecuencias da súa actuación, así como manter un estreito contacto coas familias dos nenos e nenas. No caso de que a actitude do alumno ou alumna persista tomaremos as medidas disciplinarias establecidas no **Regulamento de Réxime Interno do Centro**, ou máis concretamente dende a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, nas **Normas de organización e funcionamento do centro**, poñendo a situación en coñecemento do Observatorio da Convivencia.

Expoñemos a continuación un resumo destas actuacións que intentaremos poñer en marcha.

	<i>PREVENCIÓN DE CONDUCTAS</i>	<i>INTERVENCIÓN PARA REGULAR OS CONFLICTOS</i>	<i>INTERVENCIÓN PARA REDUCIR A VIOLENCIA</i>
<i>ALUMNADO</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento das habilidades sociais e da autoestima.</li> <li>• Formación na aprendizaxe da cidadanía democrática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación do alumnado na xestión de conflitos.</li> <li>• Mediación escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogo e contrato cos agresores.</li> <li>• Protección das vítimas e axuda psicolóxica.</li> <li>• Grupos de comunicación.</li> </ul>
<i>AULA</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas de clase.</li> <li>• Reforzos positivos.</li> <li>• Aprendizaxe cooperativo.</li> <li>• Actividades colectivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Normas de clase.</li> <li>• Asemblea de aula</li> <li>• Actividades educativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Información.</li> <li>• Espazo para o diálogo.</li> <li>• Regras e sancións xustas.</li> </ul>
<i>CENTRO DOCENTE</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación dos membros da comunidade educativa.</li> <li>• Normas de organización e funcionamento.</li> <li>• Mellora do clima escolar.</li> <li>• Espazo para o debate.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cultura de mediación.</li> <li>• Formación dos membros da comunidade educativa.</li> <li>• Regulamento de Organización e Funcionamento.</li> <li>• Mediación entre pares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cohesión entre adultos.</li> <li>• Reunión – debate Normas e regras</li> <li>• Medidas educativas e disciplinarias</li> <li>• Vixilancia</li> </ul>
<i>PROFESORADO FAMILIA COMUNIDADE</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións entre o profesorado e as familias.</li> <li>• Acción tutorial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración coas familias e a comunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diálogo coas familias.</li> <li>• Colaboración cos especialistas.</li> </ul>

### ***8.5. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.***

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, tal e como se recollen no cadro da páxina seguinte.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

<b>CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA (LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO)</b>				
<b>CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS</b>	Prescriben aos 4 meses		<b>MEDIDAS CORRECTORAS</b>	<b>PROCEDEMENTO</b>
		As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.	- Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro.
		Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. - Cambio de grupo. - Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	- A incoación notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa.
		Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e aos persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.	- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	- No acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a directora ou director, pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción destas medidas comunicarse á familia.
		A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.	- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	- Finalizada a instrución, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta.
		As actuacións que constitúan acoso escolar.	- Cambio de centro.	- Realizado o trámite de audiencia, a directora ou director ditará resolución motivada e impondrá a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos.
		A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.		
		Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.		
		Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.		
		As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.		
Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa de entregar os				



		<p>obxectos.</p> <p>A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>O incumprimento das sancións impostas.</p>		<p>.- A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor no prazo máximo de doce días lectivos desde o coñecemento dos feitos e comunicarse á inspección educativa.</p> <p>.- A resolución da directora ou director pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra esta resolución cabe instar revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos.</p>
<p><b><u>CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</u></b></p>	<p>Prescriben ao mes</p>	<p>As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida para devandito precepto.</p> <p>Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.</p> <p>A insasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.</p> <p>A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amoestación privada ou por escrito.</li> <li>- Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.</li> <li>- Realización de traballos específicos en horario lectivo.</li> <li>- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</li> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</li> <li>- Cambio de grupo por un período de ata dúas semanas.</li> <li>- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</li> <li>- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> <li>- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</li> </ul>	<p>.- A imposición das medidas levaraa a cabo o profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe de estudos.</p> <p>.- Nos casos de suspensión do dereito de asistencia, a directora ou director, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor comunicará a imposición das medidas correctoras á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno , antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión da Convivencia Escolar do centro.</p> <p>.- Estas resolucións son inmediatamente executivas.</p>

**Responsables da aplicación das medidas correctoras de condutas leves (Artº 44\_Decreto 8/2015)**

<b>Medida</b>	<b>Docente</b>	<b>Titor/</b>	<b>Xef.</b>	<b>Dirección</b>
Amoestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X

## **9 . COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na Lei e decreto, anteriormente citados, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

Será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa

### **9.1. Composición.**

Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Estará composto por:

- O/a director/a, que presidirá.
- 2 representantes do profesorado no Consello Escolar, procurando que un deles sexa de 5º ou 6º. Un/unha actuará como secretario/a.
- 1 representante das familias no Consello escolar, a ser posible da ANPA.

### **9.2. Competencias.**

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### **9.3. Periodicidade das reunións.**

O observatorio de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez por trimestre e todas aquelas que se consideren necesarias pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Elaborará un informe que recollerá as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados acadados.

## **10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

(Artº8.4d/Artº 13.h/Artº 25\_decreto 8/2015)

A aula de convivencia inclusiva terá por finalidade substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

O plan de convivencia incluirá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica. Seguindo a liña deste plan de convivencia e tendo en conta as instalacións do noso centro e as características do mesmo, a aula de convivencia non terá unha ubicación estable. Ademais sinalar que a persoa encargada de desempeñar as funcións dentro da mesma, non poderá ser a mesma en todas as horas polo que faremos uso das gardas. Esta aula créase como unha aula de reflexión traballo cos seguintes obxectivos:
  - Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións.
  - Educar nas emocións e sentimentos a través do diálogo, intentando axudar a reconstruír a súa autoestima e autocontrol.
  - Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
  - Axudar a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
  - Coñecer as normas de convivencia, as normas de aula e o NOF.

- Previr a posta en marcha de medidas máis extraordinarias de corrección.

Estará dotada de mobiliario, carteis que faciliten o diálogo e a reflexión e diverso material didáctica (curricular das distintas áreas, de modificación de conduta e reflexión e de habilidades sociais).

A Aula aspira a ser un banco de recursos en construción permanente, dispoñible e aberto á participación e aportacións de toda a comunidade educativa.

O dinamizador de convivencia coordina a aula coas seguintes funcións:

- Achegar a información necesaria ás familias, e ao profesorado de garda na AC
- Controlar a asistencia do alumnado á AC, así como o aproveitamento das clases.
- Facer un seguimento da conduta do alumnado implicado e do respecto dos compromisos adquiridos
- Coordinarse coa xefa de estudos a fin de facer a análise e o seguimento dos casos que acoden con asiduidade a este servizo, e a súa derivación a outras instancias (procesos disciplinarios, control do absentismo, orientación escolar, mediación, servizos sociais, etc.).
- Levar un rexistro informático das incidencias.

Axudará ao alumnado a:

- Reflexionar sobre as consecuencias da súa conduta inaxeitada e a necesidade de mellorar.
- Dialogar, comprometerse, compartir propostas, acordar, controlar os impulsos e emocións....
- Elaborar documentos de compromiso que favorezan o seu cambio de conduta.
- Adquirir habilidades sociais e a mellorar a autoestima.
- Motivalo.
- Educar en valores.
- Responsabilizarse de encontrar ao profesor das materias nas que vai a estar ausente durante a súa estancia temporal, recoller as materias que lle encomenda e realízalas baixo a supervisión do de garda de AC.

#### **Criterios de derivación**

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contraria ás normas de convivencia.
- Cando se acumulen catro partes de incidencia, as persoas titoras derivarán os mesmos á dirección
- Naqueles casos que a gravidade da incidencia así o indique, a comunicación á dirección, será inmediata.
- Vulnerar o compromiso de convivencia suscrito con anterioridade polo alumnado (co profesorado de área, coa persoa titora, coa persoa orientadora ou coa xefa de estudos).

- Presentar deficiencias na súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, na súa disposición cara as tarefas escolares ou de integración escolar e/ou social.

**O alumnado será proposto pola Comisión de Convivencia na súa reunión a proposta da dirección que se coordinará coas persoas titoras. A permanencia do alumnado na Aula de Convivencia será decisión da Comisión de Convivencia:**

- Tempo de permanencia: de 1 día a 3 días.
- Nº máximo de veces que un alumno/a pode ser derivado á AC: 2 veces por trimestre. Deste modo abrírase expediente disciplinario se estas superan as posibilidades que oferta a aula.
- Nº máximo de alumnos/as que poden atenderse simultaneamente na aula: 2 alumnos/as.
- Queda a criterio da xefatura de estudos derivar directamente á Aula ao alumnado que requira unha actuación inmediata.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

Esta documentación incorporárase nos anexos e outras xa forman parte do Plan de Atención á Diversidade ou do Plan de Acción Titorial, como o programa de Habilidades Sociais.

- c) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.  
Está en proceso de ubicación completa no centro.

## **11. PROTOCOLOS**

### ***11.1. Acoso escolar***

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Aínda que os modelos preventivos de carácter xeral no ámbito de centro e de aula son a mellor vía para que os problemas de convivencia se reconduzan de xeito positivo e se garanta unha axeitada convivencia escolar, non obstante, en ocasións, xorden episodios graves coma o acoso.

As fases para tratar este protocolo recóllense a continuación. Basearémonos no protocolo editado pola Xunta de Galicia en 2013 onde se recollerán os diferentes anexos aos que a continuación se fai referencia.

**Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación**

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I)
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II)
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo III e IV)
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)

**Segunda fase. Recollida de información. Rexistro (anexo VII)**

- Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII)
- Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)
- Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X)
- Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII)
- Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII)

**Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas**

- Análise da información (anexo XV)
- Adopción de medidas (anexo XVI)
  - Medidas de protección á vítima
  - Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s
    - Medidas reeducadoras para a persoa ou persoas agresora/s
    - Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII)
  - Outras medidas
  - Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX)

**Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro (anexo XX)**

***11.2. Mediación escolar (Artº 26.3\_ Decreto 8/2015)***

O plan de convivencia incluíra as directrices para a creación dos equipos de mediación, as **características do seu funcionamento** e as **pautas de actuación** que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.

Equipo de mediación

- Características da mediación
- *Creación do equipo de mediación.*
- *Solicitude de mediación.*

- *Desenvolvemento da mediación.*

“A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para as dúas” (artigo 26 do Decreto 8/2015).

O profesorado/alumnado mediador axudan a facer este traballo a aquel alumnado que ten un conflito e que voluntariamente solicita a mediación, é dicir, o profesorado/alumnado mediador coopera, axuda a comunicarse ás partes en conflito para que atopen solucións xustas e satisfactorias para todos ou, por lo menos, para poder mellorar a relación coa outra persoa.

- *Características da mediación.*

- ✓ Voluntariedade: será voluntaria para o alumnado. Só se pode levar a cabo se é solicitada polas partes en conflito. Este carácter voluntario tamén se estende ós mediadores, que poderán rexeitar unha mediación se as condicións da mesma non lles parecen axeitadas ou se puideran ver implicados dalgún modo nun certo favoritismo cara a algunha das partes en conflito.
- ✓ Confidencialidade: todo o que se diga nunha mediación será secreto.
- ✓ Casos indicados para mediación/conflitos que poden mediarase: a
  - Aqueles nas que as dúas partes a piden ou a aceptan unha vez proposta.
  - Problemas de relación non resoltos entre as partes polos seus propios medios: rumores, insultos, queixas, disputas e pelexas, amizades deterioradas, ameazas.
  - Non se empregará a mediación en casos de acoso nin en agresións con dano físico.
- ✓ As partes en conflito deben: aceptar solucionar o conflito de forma cooperativa, utilizar mensaxes en primeira persoa, poñerse no lugar do outro, manifestar a súa responsabilidade no conflito, colaborar para buscar unha solución e aceptar un acordo satisfactorio para ambos (ceder as dúas partes).

- *Creación do equipo de mediación.*

- ✓ O equipo de mediación estará coordinado pola persoa responsable da dinamización da convivencia escolar, co apoio do departamento de orientación.
- ✓ Perfil do mediador: ser discreto, non emitir xuízos de valor, ser neutral, mostrar empatía, practicar a escoita activa, non afondar máis do necesario, aceptar o acordo desde o punto de vista das partes e realizar un seguimento do acordo.
- ✓ Pasos a seguir na selección do profesorado:
  - Proposta da dirección do centro, no claustro de mestres, para formar parte do equipo de mediación.
- ✓ Pasos a seguir na selección do alumnado:
  - Divulgación: o responsable da dinamización da convivencia escolar realizará unha campaña de sensibilización e divulgación entre o alumnado. Para iso poderá utilizar ó profesorado titor. Establecerase un prazo para a presentación de candidaturas para formar parte do equipo de mediación.
  - Recollida de información: recollerase información, de xeito oral e/ou por escrito, dos motivos e cualidades do alumnado que se prestou voluntario, do seu coñecemento da medida, o grao de compromiso, a postura ante os conflitos, o desexo de axudar ós demais. As fontes de información serán o propio alumnado e o profesorado.



- Selección do alumnado: finalmente o responsable da dinamización da convivencia escolar seleccionará entre o alumnado voluntario o que pasará a formar parte do equipo de mediación.

- *Solicitud de mediación.*

A necesidade de mediación nun conflito pode chegar ata a persoa coordinadora de diversas formas: cando un alumno ou alumna o solicita directamente cubrindo o **Anexo I**, a través do profesorado que detecta o conflito ou por medio de calquera outro membro da comunidade educativa.

O Anexo I poderase recoller no departamento de orientación, onde se depositará de novo unha vez cuberto.

- *Desenvolvemento da mediación.*

Á reunión de mediación asistirán as partes a mediar, os mediadores e a persoa coordinadora de mediación, que se limitará a observar e só intervirá se non se respectan os pasos a seguir ou os acordos adquiridos para o desenvolvemento da reunión.

A mediación desenvolverase de acordo ó seguinte esquema:

- ✓ Disposición na mesa: sentarase a un lado os mediadores e ó outro os alumnos mediados.
- ✓ Inicio da reunión: despois dos correspondentes saídos, os mediadores lembrarán as condicións ás que eles mesmos se comprometen: confidencialidade, imparcialidade, non xulgar e só intentar axudar, a solución debe xurdir das partes mediadas. A continuación lembrarán as condicións que deben respectarse: non interromper, non insultar, falar en primeira persoa, mostrar empatía, colaborar na busca de solucións e aceptar as mesmas.
- ✓ Exposición do conflito: intentarase aclarar ó máximo o problema permitindo que dada parte manifieste a causa, as súas necesidades e que comprenda a postura e as necesidades da outra.
- ✓ Busca de solucións: permitirase que as partes propoñan solucións que favorezan a todos, aínda que implique que teñan que ceder en algunha pretensión.
- ✓ Acordo: a solución que se adopte no acordo debe ser concreta, equilibrada e avaliable. A persoa coordinadora cubrirá o **Anexo II** e, unha vez lido en voz alta por un mediador, asinarase en sinal de conformidade das dúas partes e de testemuña dos mediadores.
- ✓ Seguimento (revisión): no acordo anterior debe figurar o día, hora e lugar de celebración dunha reunión de seguimento, que como mínimo será unha semana despois da reunión de mediación. Na mesma, a persoa coordinadora rematará de cubrir o **Anexo III**. Informarase do resultado da mediación ás titorías do alumnado implicado.

O coordinador ou coordinadora do equipo de mediación (responsable da dinamización da convivencia escolar) coidará que se leve a cabo o rexistro das actuacións. Toda a documentación empregada durante o proceso será arquivada no centro e só poderá ser utilizada para o seguimento, control e avaliación do proceso de mediación.

Como estratexias para a resolución de conflitos utilizaremos sistemas de simulación de situacións, busca de alternativas, sistemas de mediación..., pero sobre todo ensinaremos a discutir establecendo como normas básicas dunha boa comunicación as seguintes:

- Saber escoitar
- Non interromper.
- Non atacar ideas e sentimentos expresados pola outra persoa.

- Ser honestos e sinceros.
- Practicar a escoita activa, con preguntas e respostas construtivas.
- Utilizar a indución, é dicir, anticiparse á solución que se nos quere comunicar.
- Evitar sinais ou xestos que impidan o acordo.
- Se se acepta unha solución: Cumprila.

11.3. Procedemento conciliado (Artº 49 ao 51\_ Decreto 8/2015)

Procedemento conciliado:

Orde	Fases do proceso	D. 8/2015	Temporalización	Observacións
1	Información previa	47.1	2 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
	Medidas correctoras provisionais	47.3	Calquera momento	Máximo 3 días lectivos (5 días na Lei 4/2011)
2	Incoación	37	1 día lectivo	Iniciativa propia, petición motivada, denuncia
	Decisión procedemento máis adecuado	46.3		Procedemento conciliado ou común
	Designación do INSTRUTOR/A			Docente con experiencia en convivencia
3	Notificación escrita familia/inspección	37.3 /48.1		Conduta, posibles corrección e instructor
4	Aceptación do procedemento conciliado	48.2	1 día lectivo	Só si se lle ofrece este procedemento
5	Reunión afectados:	50	1 día lectivo	Instructor/mediador(artº 5º)/pais - alumnos
	Valoración dos feitos			Levantar acta
	Posible petición de desculpas			
	Acordar por escrito as medida/s correctora/s			
	Constancia escrita da conformidade coas medidas			
6	Ratificación do acordo pola dirección do centro	50.5		
	En caso de non producirse acordo	50.7		Aplicarase o procedemento común
	En caso de incumprimento das medidas	50.6		Aplicarase o procedemento común

11.4. Procedemento común (Artº 52 ao 54\_ Decreto 8/2015)

Procedemento común:

Orde	Fases do proceso	D. 8/2015	Temporalización	Observacións
1	Información previa	47.1	2 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
	Medidas correctoras provisionais	47.3	Calquera momento	Máximo 3 días lectivos (5 días na Lei 4/2011)
2	Incoación	37	1 día lectivo	Iniciativa propia, petición motivada, denuncia
	Decisión procedemento máis adecuado	46.3		Procedemento conciliado ou común
	Designación do INSTRUTOR/A			Docente con experiencia en convivencia
3	Notificación escrita familia/inspección	37.3 /48.1		Conducta, posibles corrección e instructor
4	Instrución do procedemento polo instrutor	53.2/ 48.3.4.5	5 días lectivos	
5	Proposta de resolución do instrutor	53.3		
6	Citación aos pais – alumnos para a audiencia	53.3		Obriga dos pais de comparecer (Artº 37.6)
7	Audiencia aos pais - alumnos	53.3	3 días lectivos_recepci	Acceso á documentación _ Levantar acta
8	Resolución	54.1	1 día lectivo	Feitos, atenuantes, agravantes (inf. revis 2d)
9	Notificación da resolución	37.7 / 54.2	Máx 12 días lectivos	Desde que se coñeceron os feitos
10	Posible solicitude REVISIÓN ante o C.E.	54.3	2 días lectivos	Desde recepción resolución (na Lei 4_12 días)
11	Posible suspensión da aplicación das medidas	55		Require asinar un compromiso de convivencia

## **12. MECANISMOS DE COORDINACIÓN, ENTRE CENTRO, FAMILIA E CONTORNO ESCOLAR.**

### Protocolo de comunicación:

Entre a persoa coordinadora e a xefatura de estudos: na reunión da Comisión de Convivencia que se establecerá segundo ditamine o Equipo directivo nos documentos correspondentes do centro.

Entre a persoa coordinadora, o profesorado de garda na Aula de Convivencia e o profesorado que imparte clase ao alumnado sancionado: a través da información que se reflecta nos informes que se cumprimentarán no momento en que o alumnado acceda ao aula de convivencia.

Entre a dirección e as persoas titoras: elaborárase un informe detallado do conflito acaecido para ter toda a información relativa a estes e poder tomar medidas posteriormente. Ademais tamén se informará ao Departamento de Orientación coa finalidade de establecer as medidas oportunas de cara a recuperación da boa conduta.

Entre o alumno/a e os profesores/as:

- Das materias que tería no día que permanece na Aula de convivencia:
  - Buscándoos e pedíndolles o traballo que ten que facer na aula de convivencia.
- De garda na Aula de Convivencia:
  - Facer a reflexión de modo activo.
  - Facer os traballos enviados.
- Entre o alumnado e as familias:
  - Levando a casa a ficha de reflexión e o compromiso para informar e reflexionar cos pais.
- Entre o Centro e as familias:
  - A dirección do centro informará ás familias da decisión adoptada pola Comisión de Convivencia mediante carta con acuse de recibo.
- A persoa coordinadora da AC será a encargada de enviar ás familias, unha copia da ficha de reflexión e compromiso asinada polo alumno/a e que deberá ser devolta á coordinadora coa sinatura dos seus pais.

## **13. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Nos termos establecidos pola consellería competente en materia de educación, impulsarase o recoñecemento e a difusión das actuacións, dos programas e das medidas para a mellora da convivencia escolar que os centros educativos leven a cabo coa participación dos membros da súa comunidade educativa.

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

## **14. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Ao final de cada avaliación e no último tramo do curso, a Comisión de Convivencia fará unha avaliación do traballo realizado. Utilizando a información recollida, axudándose de cuestionarios aos diferentes compoñentes do Centro e outros instrumentos de observación, calibraranse os logros conseguidos e as carencias detectadas para propor como mellorar o funcionamento da Aula de Convivencia en cursos sucesivos, tendo en conta que é unha tarefa de construción continua coas achegas de todos os membros da comunidade educativa.

A avaliación do Plan de Convivencia farase durante toda a aplicación do plan:

- Inmediatamente despois da realización de cada actividade
- Unha vez ao trimestre a través da Comisión da Convivencia do centro
- De forma global, ao finalizar o curso, na memoria final, onde se recollerán:
  - Nivel de consecución dos obxectivos
  - Actividades realizadas
  - Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa
  - Propostas de mellora.

A avaliación será crítica e construtiva, para mellorar os obxectivos e actuacións do plan cada curso escolar.

ANEXO I

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN ESCOLAR.

Quero expoñer un feito que precisa mediación e implica condutas contrarias á convivencia como:

- FÍSICAS( Empurróns, agresións físicas...)
- VERBAIS (ameazas, insultos...)
- SOCIAIS (illamento, burlas, soidade...)
- MATERIAIS ( agochar ou romper cousas)
- TECNOLÓXICAS ( wsap, redes sociais...)

DATA:

CONTA O SUCEDIDO:

NOME E CURSO DOS IMPLICADOS:

PROPOSTA:

NOME (OPCIONAL):

ANEXO II

ACTA DA SESIÓN DE MEDIACIÓN E ACORDOS ACADADOS.

CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ, CURSO.....

DATA:.....

DATOS DOS ALUNMOS/AS EN CONFLITO

NOME E APELIDOS	NOME E APELIDOS
CURSO	CURSO
NOME E APELIDOS	NOME E APELIDOS
CURSO	CURSO

BREVE RELATO DO CONFLITO:

-----  
-----  
-----  
-----

ACORDOS ACADADOS:

-----  
-----

A reunión de seguimento destes acordos levarase a cabo o día.....

Sinatura dos alumnos/as:

O Secretario/a:



ANEXO III

DOCUMENTO DE SEGUIMIENTO DE MEDIACIÓN

DATA:

IDENTIFICACIÓN DOS ALUMNOS/AS COS QUE SE LEVOU A CABO A MEDIACIÓN.

NOME E APELIDOS	NOME E APELIDOS
CURSO	CURSO
NOME E APELIDOS	NOME E APELIDOS
CURSO	CURSO

BREVE DESCRIPCIÓN DO SEU COMPORTAMENTO DURANTE O PERÍODO POSTERIOR Á MEDIACIÓN.

-----  
-----  
-----  
-----

NECESIDADE DUNHA NOVA INTERVENCIÓN

EN CASO AFIRMATIVO, PROPOSTAS DE ACTUACIÓN:

-----  
-----  
-----  
-----

SINATURA DO COORDINADOR DO EQUIPO DE MEDIACIÓN.